

# Kyra Kyralina



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2021.



Irmás Cartoné, 2022

Título orixinal: *Kyra Kyralina*

Tradución: Celia Recarey Rendo

Corrección: Beatriz Fariñas Garrote

Deseño de cuberta: Carlos Valdés García

Deseño e maqueta: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-121470-9-4

Dep. Legal: C 1758-2022



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a súa autoría mediante a mención expresa da autora, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

PANAIT ISTRATI

# Kyra Kyralina

*Traducción de Celia Recarey Rendo*





## NOTA PRELIMINAR SOBRE A TRADUCCIÓN

Como indica Romain Rolland no seu limiar, cando Panait Istrati escribiu *Kyra Kyralina* había apenas sete anos que aprendera francés, lingua en que orixinalmente redactou a súa obra literaria —anos despois traduciría parte dela á súa lingua materna, o romanés—. Esta condición de segunda lingua de adquisición tardía, xunto cunha vontade consciente de Istrati de «exotizar» a súa lingua de expresión, dota o seu francés de gran cantidade de préstamos das distintas linguas que se entretecen na paisaxe literaria do autor, que abrangue todo o antigo Imperio Otomán. Así, Istrati bota man de termos do seu romanés materno, do grego ou do turco, mais empregando distintas estratexias para os incluír. Na edición orixinal, estes termos estranxeiros aparecen as máis das veces en letra cursiva e acompañados dunha nota de rodapé, mais non sempre é o caso. Noutras ocasións, Istrati non considera necesaria a nota ou prefire aclarar o significado do termo entre parénteses no propio texto. Na nosa edición, optamos por incluír todas as notas de Istrati e manter os casos —apenas un par deles— en que se indica o significado do termo entre parénteses, pero decidimos incluír algunhas notas adicionais para aclarar aqueles termos cuxo significado o autor decidiu non indicar, mais que nós consideramos necesario aclararlle ao

Panait Istrati

público galego. Neste último caso, as notas de rodapé van precedidas da indicación «N. da T.», mentres que as notas introducidas no texto orixinal polo propio autor non levan indicación ningunha.

Compostela, outubro de 2022







## LIMIAR

Nos primeiros días de xaneiro de 1921, remitíuseme unha carta do hospital de Niza. Fora atopada no corpo dun desesperado que acababa de rebandar a gorxa. Había poucas esperanzas de que sobrevivise á ferida. Lina e vinme sacudido por un tumulto de xenio. Un vento ardente na chaira. Era a confesión dun novo Gorki dos países balcánicos. Lograron salvarlo. Quixen coñecelo. Iniciamos unha correspondencia. Fixémonos amigos.

Chámase Istrati. Naceu en Braila, en 1884, fillo dun contrabandista grego a quen non coñeceu e dunha labrega romanese, unha muller admirable cuxa vida de traballos sen descanso lle foi consagrada. Malia o seu afecto por ela, aos doce anos abandonouna, empurrado polo demo da vagabundaxe, ou máis ben pola necesidade voraz de coñecer e amar. Vinte anos de vida errante, de aventuras extraordinarias, de traballos extenuantes, de ruas e de penas, queimado polo sol, enchoupado pola chuva, sen acubillo e acosado polos gardas nocturnos, esfameado, doente, posuído polas paixóns e afundido pola miseria. Exerce todos os oficios: camareiro de cabaré, reposteiro, cerralleiro, caldeireiro, mecánico, obreiro, cavador, descargador, servente, home anuncio, pintor de letreiros, pintor de casas,

xornalista, fotógrafo... Implícase, durante un tempo, nos movementos revolucionarios. Percorre Exipto, Siria, Xafa, Beirut, Damasco e o Líbano, Oriente, Grecia, Italia, a miúdo sen un pataco e agochándose ás veces nalgún barco onde o descubren durante a travesía e de onde o botan na costa, durante a primeira escala. Carece de todo, mais acumula un mundo de lembranzas e a miúdo engana a fame lendo con voracidade, sobre todo os mestres rusos e os escritores occidentais.

É un narrador nato, un narrador do Oriente que se encanta e se emociona cos seus propios relatos, e tanto se deixa prender neles unha vez comezada a historia que ninguén sabe, nin el mesmo, se ha durar unha hora ou mil e unha noites. O Danubio e os seus meandros... Este narrador xenial é tan irresistible que, na carta que escribiu na véspera do suicidio, por dúas veces interrompe os seus laios desesperados para narrar dúas historias humorísticas da súa vida pasada.

Convencino para que tomase nota dunha parte dos seus relatos, e encetou unha obra de longo alento da que actualmente hai escritos dous volumes. É unha evocación da súa vida; e a obra, como a súa vida, podería estar dedicada á Amizade, pois ela é, neste home, unha paixón sagrada. Ao longo do seu camiño, detense ao lembrar as figuras que atopou, cada unha co enigma do seu destino, que el trata de desentrañar. E cada capítulo da novela forma unha especie de novela breve. Tres ou catro delas, nos volumes que coñezo, son dignas dos mestres rusos. Distínguese deles polo

temperamento e a luz, a decisión de espírito, unha alegría trágica, ese gozo do contador que libera a alma oprimida.

Cabe lembrar que o home que escribiu estas páxinas tan áxiles e vivas aprendeu por si só o francés hai sete anos, lendo os nosos clásicos.

*Romain Rolland*



## PREFACIO

É vostede da opinión —como o noso amigo Romain Rolland— de que debería explicar nunhas poucas liñas o tema xeral que se tratará ao longo de todos os meus libros.

Pola miña parte, eu nunca pensei que debese explicar nada a ese respecto. Non son escritor de profesión, e non o hei ser nunca. O azar quixo que fose pescado con canas nas augas profundas do océano social polo pescador de homes de Villeneuve. Son obra súa. Para que eu puidese vivir a miña segunda vida, precisaba a súa estima e para obter esa estima cálida, amigable, esixiume que escribise. «Non agardo de vostede cartas exaltadas», escribume, «agardo obra. Cree esa obra, máis esencial ca vostede, máis duradeira ca vostede, da que é vostede bagullo.»

Con esta xostregada nos riles —e tamén grazas á avea que me ofrecía xenerosamente a amizade de Georges Ionesco—, boteime a trotar con ímpeto. Os relatos de Adrien Zograffi débense a nós os tres. Eu só non son capaz de facer máis que pintar casas, facer fotos ao aire libre e outras obras comúns, ao alcance de todo o mundo.

Adrien Zograffi non é, polo momento, máis que un home que ama o Oriente. É un autodidacta que atopa a

Sorbona onde pode. Vive, soña, desexa moitas cousas. Máis adiante, ousará dicir que hai moitas cousas mal feitas polos homes e polo Creador. Sei que é moi perigoso contradicir tanto o Creador como os homes que non se dedican a pintar casas ou facer fotos baratas no Paseo dos Ingleses; como din vostedes en Francia, non se pode contentar a todo o mundo e mais a seu pai. En calquera caso, espero que lle perdoen esta audacia a Adrien. Pois, conservando toda a súa liberdade, permitírase outra, a de amar, ser, sempre, en todos os países, amigo de todos os homes que teñan corazón. Hai poucos, pero Adrien non cre que a humanidade sexa tan vasta como se cre.

Agardando pola súa historia, non fai neste momento máis que escoitar as dos outros. Escoitemos con el, se así o desexan.

*Panait Istrati*







## I

### STAVRO

Adrien atravesou, despistado, o curto bulevar da Nai de Deus, que en Braila leva da igrexa do mesmo nome ao xardín público. Ao chegar á entrada do xardín, detívose, confuso e contrariado:

—Así e todo —exclamou en voz alta—, xa non son un neno!... E creo que teño dereito a entender a vida como me pete.

Eran as seis da tarde. Día de traballo. Os sendeiros do xardín estaban case desertos por onda as dúas portas principais e o sol crepuscular douraba a area, mentres que as boscaxes de lilas se sumían na sombra nocturna. Os morcegos revoaban en todas as direccións, como desamparados. Os bancos aliñados nas calzadas estaban case todos libres, agás nalgúns recantos discretos do xardín, onde parellas mozas se daban apertas e se poñían serias cando pasaba algún paseante inoportuno. Adrien non lle prestou atención a ningún dos seres humanos cos que se cruzou polo camiño. Aspiraba, ávido, o aire puro que subía da area acabada de regar, a mestura aromática do perfume das flores, e pensaba nas cousas que non daba entendido.

Non entendía, por exemplo, a oposición de súa nai ás relacións que escollía, oposición que acababa de estoupar nunha violenta discusión entre a nai e o seu único fillo. Adrien razoaba:

«Para ela, Mikhail é un estranxeiro, un pillabán sospeitoso, criado do reposteiro *kir*<sup>1</sup> Nicolas. E que?... Que son eu, logo?... Un pintor de casas e, inda por riba, antigo criado dese mesmo reposteiro!... E se mañá marcho para outro país debería por iso, necesariamente, ser considerado un pillabán?...»

Irritado, bateu no chan coa sola:

«Mal raio me parta!... É unha inxustiza indignante para o pobre Mikhail. Eu quero a ese home porque é máis intelixente ca min, máis instruído, e porque sofre a miseria sen se queixar. Como? Se se nega a berrar desde os tellados o seu nome, o seu país e o número de dentes que lle faltan, non é máis que un pillabán?... Pois ben, eu quero ser amigo dese pillabán!... E son ben feliz séndoo.»

Adrien proseguiu maquinalmente o seu paseo ao mesmo tempo que a crítica mental de todo o que súa nai lle dixerá, e todo lle parecía absurdo:

«E que historia é esa do casamento? Só teño dezaoitto anos e ela xa está pensando en botarme unha panoca ao lombo, unha panoca e se cadra tamén unha coella que me abafé cos seus aloumiños e converta o meu cuarto nun vertedoiro!... Meu Deus!... Diríase que non hai nada máis intelixente que facer no mundo que botar a el pequenos

---

1 N. da T.: Adaptación do grego *kýrios*, «señor».

imbéciles, encher o mundo de escravos e converterse un mesmo no primeiro escravo deses parasitos! Non, non!... Prefiro un amigo como Mikhail, por moi sospeitoso que sexa. Canto ao reproche de que “lle turro da lingua á xente para a facer falar”, abofé que non sei por que me gusta “turrarlle da lingua á xente”. Talvez sexa porque a luz vén do falar dos fortes, como ben demostra Deus, que tivo que falar para que a luz se fixese.»

Na calma do serán primaveral, a sirena dun barco perforou o aire co seu asubío estridente e fixo acordar o mozo, ao mesmo tempo que batía nel unha bafarada de recendo a rosa e a caravel.

Adrien colleu polo gran paseo que bordeia a chaira e domina o porto e o Danubio. Detívose por un instante a contemplar os milleiros de lámpadas eléctricas que brillaban nos barcos ancorados no porto e o seu peito encheuse dun irresistible desexo de viaxar:

«Señor! Que bo debe ser atoparse a bordo dun deses paquebotes que sucun mares e descubren outras costas, outros mundos!»

Entristecido por non se poder entregar ao seu desexo, botou de novo a andar coa cabeza baixa; despois oíu que o chamaban desde atrás:

—Adrien!

Revirouse. Nun banco por onda o que acababa de pasar, había un home sentado coas pernas cruzadas, a fumar. A súa miopía e a escuridade impedíronlle a Adrien recoñecelo. O home non se ergueu e Adrien achegouse, un

tanto contrariado, cando lle escapou unha exclamación de pracer:

—Stavro!

Déronse a man e Adrien acomodouse a carón do outro.

Stavro, o feirante —máis coñecido como «o da li-moada», pola droga que vendía nas feiras—, era primo en segundo grao da nai de Adrien, e unha figura noutro tempo moi coñecida nos ambientes licenciosos dos arrabaldes; hoxe está esquecida, enterrada polos trinta anos transcorridos e polo desprezo dun escándalo que o seu temperamento ocasionou naquela época.

De altura un pouco superior á media, dun loiro apagado, incoloro, moi fraco e moi engurrado, os seus ollos azuis e grandes, ora francos e sinceros, ora pícaros e furtivos, segundo as circunstancias, expresaban a vida toda de Stavro. Vida sacudida, axitada pola súa natureza nómade e estrafalaria; vida atropelada desde a idade de vinte e cinco anos pola triste engrenaxe da sociedade (casamento cunha moza rica, bonita e sentimental) da que saíra un ano máis tarde, cuberto de vergoña, co corazón esnaquizado, o carácter alterado.

Adrien coñecía vagamente a historia. Súa nai, sen entrar en detalles, poñíalla de exemplo de vida detestable, mais Adrien tiraba dela conclusións completamente opostas e, máis dunha vez, co instinto que tiña no fondo do seu ser, achegábase a Stavro como a un instrumento musical cuxo son quería escoitar; o instrumento negárase.

Ademais, non se viran máis de tres ou catro veces, como moito, e sempre fóra. A casa da nai estaba pechada para Stavro, como todas as casas honradas. E que lle podía dicir el, o feirante desconsiderado, ao rapaz consentido, mimado, protexido?

Todo o mundo tiña a Stavro por un «monifate», e érao e, de feito, quería selo. Co seu traxe gastado e amolecido aínda estando novo, coa súa aparencia de aldeán urbano, coa camisa sen pasar o ferro, sen colo ríxido; co seu aire de chalán ladrón, entregábase a discursos grandilocuentes e acenos pomposos que divertían a xente, mais que a el o humillaban e o denigraban.

Abordaba os seus coñecidos en plena rúa con alcumes certos e cómicos, nunca ofensivos. Moitos deles ficaban. Se alguén lle agradaba, levábo a un café, pedía un neto de viño e, despois de beberen, saía ao patio «facer unha necesidade» e non volvía. E se un encontro era cun daqueles que non o daban soltado a un, logo lle dicía: «O teu amigo Fulano andaba a preguntar por ti en tal café, vaite alá, bule!...».

Pero o que entusiasmaba a Adrien eran as bromas coas cabezas de *tzir*<sup>2</sup> e co tabaco de Stavro. Durante unha conversa, este sacaba do peto unha daquelas cabeciñas secas, coa boca aberta e aplanada, e penduráballa con coidado no baixo da chaqueta ao outro falabarato. O bo do home marchaba e ía paseando pola rúa aquela cabeza que lle mordía o traxe para grande entretemento dos paseantes.

---

2 Especie de arenque afumado.

A broma do tabaco era mellor. Como é sabido, en Oriente é costume, cando un desexa lear un cigarro, pedir-lle a tabaqueira ás persoas coas que se atopa. Stavro sempre abordaba o primeiro que pasaba, mais, en canto se servía, en lugar de lle devolver a tabaqueira e darlle as grazas, metíaa no peto, de onde saía inmediatamente por abaixo e caía ao chan. Entón anicábase, apañábaa, limpábaa, desculpábase e, cando lla ía meter no peto ao seu dono, deixábaa caer polo lado. E alá caía a pobre da caixa, que era de metal niquelado ou de cartón prensado, ao chan outra vez!

—Ai, que zoupón son!

—Non ten mal ningún, cabaleiro —respondía normalmente a vítima mentres examinaba o seu obxecto danado e os presentes se esmendrellaban de risa.

Pero Stavro non volvía ver nunca máis as tabaqueiras que maltratara unha vez.



Así, Adrien comezara a terlle simpatía a aquel home polas súas brincadeiras. Porén, algunhas cousas estrañas acabaran por preocupalo e confundilo: ás veces, entre risos e parvadas, Stavro, todo serio, volvíase cara a Adrien e afundía nos seus ollos un ollar claro, sereno e superior, como facemos ao mirarmos os ollos bondadosos e inxenuos dun becerro. Entón el sentíase rebaixado por aquel feirante, fascinado por aquel iletrado. Aquilo parecíalle inexplicable e decidira observalo. Pero estas ocasións eran escasas. Aquel

ollar misterioso e turbador que Adrien chamaba en segredo «o outro Stavro» raras veces aparecía, e só con el.

Con todo, un día —uns dez meses antes do encontro no xardín—, cando acompañaba o vendedor de limoada á tenda propiedade dun grego vello e taciturno que o fornecía de azucre e limóns, viu aparecer de súpeto «o outro Stavro». Adrien concentrouse nos seus ollos.

Sós os tres, nun recanto da tenda pouco iluminada, Stavro, con todos os pregos do rostro borrados, as faccións suavizadas, os ollos moi abertos, fixos e luminosos, fitou a cara inchada e retraída do tendeiro e dixo timidamente pero con firmeza, mentres o outro asentía coa cabeza:

—*Kir* Margoulis... A cousa vai mal... Non vai calor e a limoada non se vende... Estou a comer os meus aforros e o seu azucre... Entón, quedamos así? Desta volta tampouco lle pago, vale? Será como as outras veces: se eu morro, vos tede perde os dez francos.

E o comerciante, avaro pero coñecedor dos homes, concedeu-lle o crédito cunha aperta de mans seca como a súa vida.

Fóra, coa mercancía debaixo do brazo, Stavro buliu a facer unha broma, pasarlle a man polo lombo a un vago coñecido e saltar sobre unha perna:

—Deille un calote, Adrien, deille un calote! —bisbou-lle no oído ao mozo.

—Non tal, Stavro! —protestou Adrien—; non lle deches calote ningún, vas pagar!

—Si, Adrien, pagarei se non morro... E se morro, xa pagará o demo!

—Se morres... Iso xa é outro asunto, pero dis que lle deches un calote, e iso significaría que es deshonesto...

—E se cadra son...

—Non, Stavro, ti quéresme enganar; ti non es deshonesto!

Stavro detívose bruscamente, empurrou o seu acompañante contra un valado e, recobrando por un instante a súa imaxe de temor e superioridade, espetoulle nos fociños a Adrien:

—Si, son deshonesto! Desgraciadamente, Adrien, son moi deshonesto!

E en dicindo isto, quixo retomar o camiño, pero Adrien, presa dunha especie de pánico, agarrouno pola traseira do abrigo, retívoo e berrou coa voz afogada:

—Stavro, non marches! Dime a verdade... Vexo en ti dous homes, cal é o verdadeiro? O bo ou o alburgueiro?

Stavro dubidou:

—Non o sei!

E arrancándose bruscamente das mans de Adrien berrou, anoxado:

—Déixame tranquilo!

Despois, un pouco máis lonxe, crendo que ofendera o mozo, engadiu:



—Xa cho direi cando che caía a casca do cu.

Desde entón non se volveran ver; Stavro ía de feira en feira de marzo a outubro e durante o inverno vendía castañas asadas Deus sabe onde. A Braila só viña buscar provisións.

Adrien alegrouse tanto de atopalo aquel día no banco do xardín como os afluentes deben alegrarse de se unir aos ríos principais e os ríos de se diluír no seo dos mares.

Stavro, ao contrario do que adoitaba, amosouse desta vez pouco locuaz, e isto aínda lle agradou máis a Adrien, que examinou aquel rostro á luz amarela do serán e o atopou igual. Ninguén sabería dicir a súa idade cunha aproximación aceptable. Porén, Adrien reparou en que, arredor das tempas, o louro pálido do cabelo virara dun branco afumado.

—Que tes para me esculcares así? —preguntou Stavro, molesto—. Non estou á venda.

—Xa o sei, pero quería saber se aínda eras novo ou xa vas vello.

—Son novo e mais vello, como os pardais...

—Iso é certo, bo pardal estás feito, Stavro! —E tras unha breve pausa—: Non me pides a tabaqueira para a guindar un pouco polo chan? Talvez iso che recorde que sempre teño curiosidade por saber de onde vés, para onde vas e como che van as cousas.

—De onde veño e para onde vou pouco importa, pero quéroche dicir que as cousas non me van demasiado mal. Porén, agora mesmo estouche amolado, meu poldro!

E deulle unha palmada no xeonllo a Adrien.

—Iso poucas veces che pasa —respondeu este—, e por que estás amolado, meu vello? Escasean os limóns?

—Non, non son os limóns, senón os «mangantes honrados» doutro tempo o que escasea.

—Mangantes honrados? —exclamou Adrien—. Iso é un paradoxo, os mangantes non poden ser honrados!

—Iso cres? Pois eu coñézoche varios.

Stavro inclinouse, apoiou os brazos nas coxas e ficou así, fitando o chan. A Adrien deulle a impresión de que falaba en serio e quixo saber máis, pero procedeu con prudencia:

—E poderíasme dicir para que precisas ti un mangante deses?

—Para vir comigo á feira de S... o xoves que vén. A dicir verdade, non é por min, pero como se fose... Xa sabes que nas feiras teño o costume de me poñer de par dun reposteiro que fai filloas. Os paisanos comen, éntralles a sede a alí estou eu coa limoadada; se fai falla, bótaselle unha presada de sal no amoadado das filloas... (Ben ves que son deshonesto!) Pois ben, o reposteiro éche o *kir* Nicolas...

—*Kir* Nicolas! —exclamou Adrien.

—... o teu veciño, o teu antigo xefe. Pero velaquí o inconveniente: non pode deixar o forno para vir á feira. Por

iso precisa dun «mangante honrado» que acompañe o seu criado Mikhail e cobre mentres o outro fai as filloas. E xa levo dous días á procura do tal «mangante honrado».

E Stavro concluíu, grave e tristemente:

—Braila é cada vez máis pobre en homes!

Adrien sentiu que o atravesaba unha descarga. Ergueuse ante o vendedor de limoada e dixo:

—Stavro! Serei eu digno de ser ese mangante honrado que buscas?

O feirante levantou a cabeza:

—Fóra bromas?...

—Palabra de mangante honrado! Acompáñote!

Stavro brincou como un chimpancé e exclamou:

—Dáme esa pouta, fillo dunha romanesa namorada e dun aventureiro cefalonita!... Es digno descendente dos teus devanceiros...

—E que sabes ti dos meus devanceiros?

—Oh, sen dúbida que deberon ser uns grandes mangantes!

E en dicindo isto, o vendedor de limoada deulle unha aperta ao pintor, despois colleuno do brazo e levouno canda si:

—Vaiamos rápido á de Nicolas para lle dar a boa nova!... Marcharemos, como tarde, mañá domingo á noitiña para chegarmos a S... o martes á mañá e coller un bo sitio. Hai


un día e dúas noites de carreta; o cabalo vai ao paso ou ao trote, segundo as súas forzas e a calidade do viño que atopamos nas pousadas.

A aparición do feirante e do seu «poldro» provocou unha forte discusión na repostería. *Kir* Nicolas entendeu, polos ouveos de Stavro, que se trataba dunha boa adquisición; Stavro soltou un parrafeo en turco até ficar sen alento. Mikhail, que estaba ao tanto do asunto, meteuse na disputa, para grande abraio de Adrien, que non entendía unha palabra. Ante unha réplica seria de Mikhail, viu que *kir* Nicolas engruñaba os ombreiros e Stavro se calmaba, mais exclamaba de seguida, nun grego perfecto:

—Non vos preocupedes polo que diga súa nai, oh, *pedia mu* (meus fillos)!... Se eu me guiase na vida por miña nai, aos meus cincuenta anos non sabería como sae o sol e como se pon máis alá do foxo que noutrora rodeaba a nosa bela cidade de Braila; mirade, meus amigos, as nais sonvos todas iguais: queren revivir na pel dos seus fillos tanto os seus tristes e pequenos praceres como os seus problemas insignificantes. Ademais, dicídemme, que culpa temos nós de sermos como nos fixeron? Non si, Adrien?

Mikhail interveu de novo, tamén en grego:

—Niso ten vostede razón, señor, pero non coñecemos a nai de Adrien, pode tratarse dunha dolorosa excepción. Eu propoño mandar a Adrien a pedir o seu consentimento; se llo dá, serei o primeiro en alegrarme. Pero sen o beneplácito de súa nai e contra a súa vontade, eu, pola miña parte, négame a ir á feira.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO O 14 DE  
OUTUBRO DE 2022, 101 ANOS, 10 MESES E  
14 DÍAS DESPOIS DE QUE PANAIT ISTRATI  
REBANDASE A GORXA NUN PARQUE PÚBLICO  
DE NIZA.

